

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	IES Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Tecnoloxía e Dixitalización	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	27

## 1. Introducción

A materia Tecnoloxía e Dixitalización I parte dos desempeños adquiridos na educación primaria en relación á dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe, aos proxectos de deseño e ao pensamento computacional desde diferentes áreas. Parte polo tanto, dos niveis de desempeño adquiridos tanto en competencia dixital coma en competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería, contribuíndo ao fomento das vocacións científico-tecnolóxicas.

Os obxectivos da materia están relacionados cos seguintes elementos que a vertebran e que condicionan o proceso de ensino e aprendizaxe desta:

Aplicación da resolución de problemas mediante unha aprendizaxe baseada no desenvolvemento de proxectos.

Desenvolvemento do pensamento computacional.

Incorporación das tecnoloxías dixitais nos procesos de aprendizaxe.

Natureza interdisciplinaria da tecnoloxía.

Contribución da tecnoloxía á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible.

Conexión da tecnoloxía co mundo real.

Fomento de actitudes como a creatividade, a cooperación, o desenvolvemento tecnolóxico sostible ou o emprendemento.

Estes elementos permitiránlle ao alumnado mobilizar coñecementos científicos e técnicos, aplicando metodoloxías de traballo creativo para desenvolver ideas e solucións innovadoras e sostibles que dean resposta a necesidades ou problemas expostos, achegando melloras significativas cunha actitude creativa e emprendedora. A materia tamén lle permite ao alumnado facer un uso responsable e ético das tecnoloxías dixitais para aprender ao longo da vida e reflexionar de forma consciente, informada e crítica, sobre a sociedade dixital na que se atopa inmerso, para afrontar situacións e problemas habituais con éxito e responder de forma competente segundo o contexto. Entre estas situacións e problemas, convén mencionar os xerados pola produción e transmisión de información dubidosa e noticias falsas, os relacionados co logro dunha comunicación eficaz en contornas dixitais, o desenvolvemento tecnolóxico sostible ou os relativos á automatización e programación de obxectivos concretos, todos eles aspectos necesarios para o exercicio dunha cidadanía activa, crítica, ética e comprometida tanto no ámbito local coma global.

A materia conta con dous grupos en 1º de ESO, con 23 e 22 alumnos, en A e B respectivamente, que proceden na súa maioría do CEIP A Pedra. Este alumnado que ven de traballar con E-DIXGAL en 5º e 6º por o que é de supoñer que non haberá problemas á hora do uso do libro dixital-

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar e seleccionar a información adecuada proveniente de diversas fontes, de maneira crítica e segura, aplicando procesos de investigación, métodos de análise de produtos e experimentando con ferramentas de simulación, para definir problemas tecnolóxicos e iniciar procesos de creación de solucións a partir da información obtida.	3		2	1-4	4		1	
OBX2 - Abordar problemas tecnolóxicos con autonomía e actitude creativa, aplicando coñecementos interdisciplinarios e traballando de forma cooperativa e colaborativa, para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz, innovadora e sostible.	1		1-3	3	3-5		1-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Aplicar de forma apropiada e segura distintas técnicas e coñecementos interdisciplinarios utilizando operadores, sistemas tecnolóxicos e ferramentas, tendo en conta a planificación e o deseño previo para construír ou fabricar solucións tecnolóxicas e sostibles que dean resposta a necesidades en diferentes contextos.			2-3-5	5	1		3	3
OBX4 - Describir, representar e intercambiar ideas ou solucións a problemas tecnolóxicos ou dixitais, utilizando medios de representación, simboloxía e vocabulario axeitados, así como os instrumentos e os recursos dispoñibles, e valorando a utilidade das ferramentas dixitais para comunicar e difundir información e propostas.	1		4	3				3-4
OBX5 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional e incorporando as tecnoloxías emerxentes, para crear solucións a problemas concretos, automatizar procesos e aplicalos en sistemas de control ou en robótica.		2	1-3	5	5		3	
OBX6 - Comprender os fundamentos do funcionamento dos dispositivos e aplicacións habituais da súa contorna dixital de aprendizaxe, analizando os seus compoñentes e funcións e axustándoos ás súas necesidades para facer un uso máis eficiente e seguro destes e para detectar e resolver problemas técnicos sinxelos.		2		2-4-5	4-5			
OBX7 - Facer un uso responsable e ético da tecnoloxía, mostrando interese por un desenvolvemento sostible, identificando as súas repercusións e valorando a contribución das tecnoloxías emerxentes para identificar as achegas e o impacto do desenvolvemento tecnolóxico na sociedade e na contorna.			2-5	4		4		

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O proxecto tecnolóxico	Esta unidade didáctica desenvolve contidos que se empregarán noutras unidades. En concreto verase que é a tecnoloxía e como	10	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O proxecto tecnolóxico	se traballa nun taller realizando un pequeno proxecto empregando ferramentas de maneira axeitada e sen riscos. Ademais aprenderase a usar o ordenador para documentar o proceso de construción.	10	12	X		
2	Pensamento computacional	Nesta unidade didáctica aprenderase a organizar e estruturar as ideas dende un punto de vista computacional en función de determinadas necesidades empregando algoritmos e diagramas de fluxo, co fin de desenvolver aplicacións informáticas sinxelas para ordenador e dispositivos móbiles.	12	15	X		
3	Dixitalización do entorno de aprendizaxe	Nesta unidade aprenderase como darlle difusión ós proxectos realizados mediante a utilización de distintas ferramentas dixitais	12	12	X		
4	Expresión e comunicación gráfica	Esta unidade didáctica desenvolve técnicas necesarias para o deseño de proxectos, tales como técnicas de debuxo e uso dos útiles de debuxo.	12	15		X	
5	Materiais tecnolóxicos	Nesta unidade didáctica aprenderase a coñecer materiais e as súas propiedades, co obxectivo de que permitan facer unha boa elección para a elaboración dos proxectos.	10	12		X	
6	Estruturas	Nesta unidade abordaranse as estruturas básicas para a construción de modelos útiles na elaboración dos proxectos. En concreto, estudaranse os tipos de estruturas e os esforzos aos que están sometidas as estruturas.	10	11		X	
7	Mecanismos básicos	Esta unidade didáctica aborda a identificación de sistemas básicos de transmisión e transformación de movemento que son necesarios na elaboración de proxectos.	13	10			X
8	Electricidade básica	Esta unidade proporcionará os coñecementos necesarios para a montaxe e control de circuitos eléctricos tanto de maneira física coma con programas de simulación.	21	18			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O proxecto tecnolóxico	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Recoñecer a influencia da actividade tecnolóxica na sociedade e na sostibilidade ambiental identificando as súas achegas e repercusións e valorando a súa importancia para o desenvolvemento sostible.	Recoñecer a influencia da actividade tecnolóxica na sociedade e na sostibilidade ambiental identificando alomenos unha achega e repercusión e valorando a súa importancia para o desenvolvemento sostible.	PE	50
CA1.4 - Identificar as achegas das tecnoloxías emerxentes ao benestar, á igualdade social e á diminución do impacto ambiental, facendo un uso responsable e ético destas.	Identificar alomenos unha achega das tecnoloxías emerxentes ao benestar, á igualdade social e á diminución do impacto ambiental, facendo un uso responsable e ético destas.		
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Definir un problema ou necesidade exposta, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	TI	50
CA1.2 - Comprender e examinar obxectos tecnolóxicos sinxelos de uso habitual a través da análise de obxectos e sistemas, empregando o método científico e utilizando ferramentas de simulación na construción de coñecemento.	Comprender e examinar un obxecto tecnolóxico sinxelo de uso habitual a través da análise de obxectos e sistemas, empregando o método científico e utilizando ferramentas de simulación na construción de coñecemento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases.</li> <li>- Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos.</li> <li>- Análise de produtos e de sistemas tecnolóxicos sinxelos para a construción de coñecemento desde distintos enfoques e ámbitos.</li> <li>- Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria.</li> <li>- Desenvolvemento tecnolóxico: creatividade, innovación, investigación, obsolescencia e impacto social e ambiental.</li> <li>- Ética e aplicacións das tecnoloxías emerxentes.</li> <li>- Tecnoloxía sostible. Valoración crítica da contribución da tecnoloxía á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Pensamento computacional	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Describir, interpretar e deseñar solucións a problemas informáticos a través de algoritmos e diagramas de fluxo, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa.	Describir, interpretar e deseñar unha solución a un problema informático a través de algoritmos e diagramas de fluxo, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa.	PE	25
CA4.2 - Programar aplicacións sinxelas empregando os elementos de programación de maneira apropiada e aplicando ferramentas de edición.	Programar dúas aplicacións sinxelas empregando os elementos de programación de maneira apropiada e aplicando ferramentas de edición.	TI	75
CA4.3 - Automatizar procesos, máquinas e obxectos sinxelos, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.	Automatizar un proceso, unha máquina ou un obxecto sinxelo, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.		
CA5.4 - Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.	Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Algorítmica e diagramas de fluxo.</li> <li>- Aplicacións informáticas sinxelas para ordenador.</li> <li>- Sistemas de control programado: uso de simuladores e programación sinxela de dispositivos.</li> <li>- Fundamentos da robótica: control programado de robots sinxelos de maneira física ou por medio de simuladores.</li> <li>- Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Vocabulario técnico apropiado.</li> <li>- Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información. Copias de seguridade.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Dixitalización do entorno de aprendizaxe	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto.	Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados e de maneira colaborativa	TI	100
CA5.2 - Facer un uso eficiente e seguro dos dispositivos dixitais de uso cotián na resolución de problemas sinxelos coñecendo os riscos e adoptando medidas de seguridade para a protección de datos e equipos.	Facer un uso eficiente e seguro dos dispositivos dixitais de uso cotián na resolución de problemas sinxelos coñecendo os riscos e adoptando medidas de seguridade para a protección de datos e equipos.		
CA5.3 - Crear contidos, elaborar materiais configurando correctamente as ferramentas dixitais habituais da contorna de aprendizaxe, axustándoas ás súas necesidades e respectando os dereitos de autor e a etiqueta dixital.	Crear alomenos un contido, elaborar un material configurando correctamente as ferramentas dixitais habituais da contorna de aprendizaxe, axustándoas ás súas necesidades e respectando os dereitos de autor e a etiqueta dixital.		
CA5.4 - Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.	Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.		
CA5.5 - Adoptar medidas preventivas para a protección dos dispositivos, dos datos e da saúde persoal, identificando problemas e riscos relacionados co uso da tecnoloxía e facendo unha análise ética e crítica.	Adoptar tres medidas preventivas para a protección dos dispositivos, dos datos e da saúde persoal, identificando problemas e riscos relacionados co uso da tecnoloxía e facendo unha análise ética e crítica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario técnico apropiado.</li> <li>- Habilidades básicas de comunicación interpersonal. Pautas de conduta propias da contorna virtual, etiqueta dixital.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a elaboración de documentación técnica relativa a proxectos.</li> <li>- Dispositivos dixitais. Elementos do hardware e do software. Identificación e resolución de problemas técnicos sinxelos.</li> <li>- Ferramentas e plataformas de aprendizaxe: configuración, mantemento e uso crítico.</li> <li>- Ferramentas de edición e creación de contidos: instalación, configuración e uso responsable.</li> <li>- Propiedade intelectual e etiqueta dixital.</li> <li>- Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información. Copias de seguridade.</li> </ul>



### Contidos

- Seguridade na Rede: riscos, ameazas e ataques.
- Medidas de protección de datos e información. Benestar dixital: prácticas seguras e riscos (ciberacoso, sextorsión, vulneración da propia imaxe e da intimidade, acceso a contidos inadecuados, adiccións...).

UD	Título da UD	Duración
4	Expresión e comunicación gráfica	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Idear e deseñar unha solución eficaz, innovadora e sostible a un problema definido, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	PE	40
CA2.4 - Deseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos, respectando as normas de seguridade e saúde.	Deseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital un obxecto ou modelo sinxelo, respectando as normas de seguridade e saúde.	TI	60
CA5.4 - Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.	Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Técnicas de representación gráfica para deseño de pezas utilizadas nos proxectos. Acoutamento e escalas.
- Aplicacións CAD en 2D para a representación de esquemas, circuítos e planos sinxelos.
- Iniciación ao deseño 3D.
- Introducción á fabricación dixital. Deseño e construción de pezas sinxelas con impresión 3D e/ou corte.
- Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información. Copias de seguridade.

UD	Título da UD	Duración
5	Materiais tecnolóxicos	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.	Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo.	PE	40
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Fabricar un obxecto ou modelo sinxelo empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	TI	60
CA2.4 - Diseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos, respectando as normas de seguridade e saúde.	Diseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital un obxecto ou modelo sinxelo, respectando as normas de seguridade e saúde.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de materiais tecnolóxicos para a fabricación de obxectos ou modelos nun proxecto tecnolóxico e o seu impacto ambiental.</li> <li>- Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos.</li> <li>- Respecto das normas de seguridade e hixiene.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Estruturas	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.	Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.	PE	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Definir un problema ou necesidade exposta, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	TI	60
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Fabricar un obxecto ou un modelo sinxelo empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.		
CA3.1 - Diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.	Diseñar e fabricar unha máquina ou sistema empregando estruturas, que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo o problema proposto.		
CA5.1 - Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto.	Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases.</li> <li>- Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos.</li> <li>- Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos.</li> <li>- Respecto das normas de seguridade e hixiene.</li> <li>- Estruturas para a construción de modelos.</li> <li>- Vocabulario técnico apropiado.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Mecanismos básicos	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Comprender e examinar obxectos tecnolóxicos sinxelos de uso habitual a través da análise de obxectos e sistemas, empregando o método científico e utilizando ferramentas de simulación na construción de coñecemento.	Comprender e examinar un obxecto tecnolóxico sinxelo de uso habitual a través da análise de obxectos e sistemas, empregando o método científico e utilizando ferramentas de simulación na construción de coñecemento.	PE	40
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Idear e deseñar unha solución eficaz, innovadora e sostible a un problema definido, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.		
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Definir un problema ou necesidade exposta, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	TI	60
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.	Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.		
CA3.1 - Deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.	Deseñar e fabricar unha máquina ou sistema empregando mecanismos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo o problema proposto.		
CA5.1 - Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto.	Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos.</li> <li>- Análise de produtos e de sistemas tecnolóxicos sinxelos para a construción de coñecemento desde distintos enfoques e ámbitos.</li> <li>- Aplicacións CAD en 2D para a representación de esquemas, circuítos e planos sinxelos.</li> <li>- Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos.</li> <li>- Respecto das normas de seguridade e hixiene.</li> <li>- Identificación de sistemas mecánicos básicos de transmisión e transformación do movemento: montaxes físicas e/ou uso de simuladores.</li> <li>- Vocabulario técnico apropiado.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Electricidade básica	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.	Diseñar e fabricar unha máquina ou sistema empregando circuítos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo o problema proposto.	PE	25
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Definir un problema ou necesidade exposta, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	TI	75
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Idear e deseñar unha solución eficaz, innovadora e sostible a un problema definido, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.		
CA3.2 - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.	Montar un sistema de control ou un robot sinxelo mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución do problema proposto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Automatizar procesos, máquinas e obxectos sinxelos, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.	Automatizar un proceso, unha máquina ou un obxecto sinxelo, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.		
CA5.1 - Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto.	Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa.		
CA5.4 - Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.	Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases.</li> <li>- Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos.</li> <li>- Análise de produtos e de sistemas tecnolóxicos sinxelos para a construción de coñecemento desde distintos enfoques e ámbitos.</li> <li>- Aplicacións CAD en 2D para a representación de esquemas, circuítos e planos sinxelos.</li> <li>- Respecto das normas de seguridade e hixiene.</li> <li>- Electricidade básica para a montaxe de circuítos físicos ou simulados. Montaxe e/ou simulación de circuítos sinxelos con operadores eléctricos: xeradores, elementos de manobra ou control e receptores. Compoñentes básicos e simboloxía.</li> <li>- Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto.</li> <li>- Compoñentes básicos e funcionamento dun sistema de control ou robot sinxelo: sensores, actuadores e controladores.</li> <li>- Montaxe de sistemas de control ou robots sinxelos para a resolución de problemas técnicos.</li> <li>- Sistemas de control programado: uso de simuladores e programación sinxela de dispositivos.</li> <li>- Fundamentos da robótica: control programado de robots sinxelos de maneira física ou por medio de simuladores.</li> <li>- Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Vocabulario técnico apropiado.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O currículo da materia Tecnoloxía e Dixitalización I desenvolverase cunha metodoloxía que tratará de asentar o logro dos obxectivos da materia, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa correspondentes.

Neste sentido, no deseño das actividades o profesorado considerará a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída, tal como se establece no apartado 2 da programación, e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe. Ademais, a selección de criterios de avaliación realizada nos apartados anteriores empregárase para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe serán as seguintes:

A materia afrontárase desde un carácter esencialmente práctico cun enfoque competencial do currículo. Para iso utilizaranse metodoloxías que o fomenten, como a resolución de problemas baseada no desenvolvemento de proxectos, a construción de sistemas tecnolóxicos e prototipos (eléctricos, mecanizados, robóticos, etc.), así como outras estratexias que favorezan o uso de aplicacións dixitais para o deseño, a simulación, o dimensionado, a comunicación ou a difusión de ideas ou solucións. Estas metodoloxías empregáranse co fin de estimular a aprendizaxe do alumnado.

A aplicación de distintas técnicas de traballo e a diversidade de situacións de aprendizaxe que intreveñen na materia promoverán a participación do alumnado, favorecendo unha visión integral da disciplina que resalte o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos tecnolóxicos que propón a sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Propiciarase unha contorna axeitada para que o alumnado teña a oportunidade de levar a cabo certas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro. Esta contorna será a aula-taller, na que se poderán desenvolver tanto técnicas de traballo manual coma técnicas de fabricación dixital.

O uso do proxecto tecnolóxico, eixe vertebrador ao longo de toda a materia, permite a identificación e a formulación dun problema tecnolóxico ata a súa solución a través dun proceso planificado que optimice recursos.

A construción de prototipos e doutras estratexias favorecerán o uso de aplicacións dixitais para o deseño, a simulación, o dimensionado, a difusión de ideas e a presentación de solucións.

O emprego de documentación e comunicación dixital, de forma transversal en toda a materia, implicará un desenvolvemento de habilidades dixitais que facilite a interacción do alumnado co seu ámbito social ao longo da súa vida.

O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, favorecerán a capacidade de aprender por si mesmos e promoverán o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

Realizaranse proxectos significativos para o alumnado e resolveranse problemas de maneira colaborativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade; promovendo a participación do alumnado cunha visión integral da disciplina e reducindo a fenda dixital e de xénero en condicións de igualdade ao longo de toda a etapa.

Usaranse estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico, do emprendemento e da conciencia para alcanzar os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).

A aplicación de metodoloxías de traballo creativo, a través de coñecementos científicos e técnicos, permitirá desenvolver ideas e solucións innovadoras e sotibles que dean resposta ás necesidades ou problemas expostos, achegando melloras significativas cunha actitude creativa e emprendedora.

O uso responsable e ético das tecnoloxías dixitais para aprender ao longo da vida e reflexionar de forma crítica sobre a sociedade dixital para afrontar situacións e problemas actuais, atendendo á diversidade e sen prexuízos de diferentes razas, linguas, sexos, ideas políticas, relixións, etc.

A creación de obxectos tendo en conta o deseño, a elección de materiais e a súa fabricación dentro dunha contorna sostible e respectuosa co medio ambiente e coas normas de seguridade e hixiene.

Segundo estas liñas de actuación usarase unha metodoloxía variada que inclúe:

Metodoloxía de proxectos:

O alumnado será agrupado para traballar no Taller de Tecnoloxía en equipos de 3 ou 4 compoñentes, segundo as características do grupo, dunha forma inicial, atendendo ás relacións entre o alumnado e as súas preferencias. Para

lograr a máxima harmonía e o mellor rendemento, a criterio do docente modificaranse os grupos de modo que exista un equilibrio na clase, procurando distribuír a aqueles alumnos con dificultades de aprendizaxe. Ao longo do curso estes equipos realizarán varios proxectos tecnolóxicos a proposta do docente que imparta clase ao grupo.

Dentro de cada grupo, haberá repartición de responsabilidades que o alumnado ten de acordar. Estas responsabilidades rotaranse ao longo do curso. Esta repartición de responsabilidades, terase en conta principalmente en 1º ESO, onde o alumnado non está afeito a traballar no taller e carece de autonomía para organizarse por si mesmo. En niveis superiores primará a flexibilidade en función do grupo de traballo. As responsabilidades serán:

Secretario-portavoz: Persoa que se encarga de custodiar a documentación do grupo, coordinar a integración da mesma e falar en nome do grupo ante o profesor e o resto dos seus compañeiros.

Responsable de materiais: Encargado de organizar a provisión de materiais e demais recursos que o grupo necesite para executar o proxecto. Esta persoa custodia os recursos do grupo.

Responsable de ferramentas e seguridade: Encargado de manter a orde e a disciplina no grupo para que ninguén se prexudique ante un posible accidente polo mal uso das ferramentas. Ademais procurará que as ferramentas do taller non sufran deterioración.

Responsable do mantemento da zona de traballo: Encargado de manter a orde e limpeza necesario para que o taller reúna unhas condicións de traballo dignas e hixiénicas.

As actividades da aula-taller están encamiñadas á adquisición por parte dos alumnos de coñecementos, habilidades e destrezas de carácter polivalente e xeneralista, que lles permitan obter unha ampla visión do mundo da tecnoloxía. Preténdese contemplar os contidos e técnicas máis estables, sen renunciar a presentar os actuais desenvolvementos, que lles permitan abordar sólidamente futuras realizacións.

O resultado desta metodoloxía conducirá ao proxecto de construción, no que deben desenvolver todas as fases do proceso tecnolóxico. A fase de construción executarase na aula-taller.

Os proxectos desenvolvidos no primeiro curso da ESO, e dado que é a primeira vez que se enfrontan á materia, serán tutorizados polo docente e cunha duración axeitada ás propostas de traballo establecidas. Trátase de que tomen un contacto gradual coa nova forma de traballo en grupo, á que non adoitan estar afeitos e, por outra banda, que non perdan a confianza en si mesmos, o que lles podería conducir á desmotivación. Unha vez que os alumnos vaian gañando autonomía e confianza, os proxectos deixarán de ser tan guiados e iránselles abrindo marxes para fomentar a creatividade, a autonomía e, en definitiva, traballar por competencias en toda a súa plenitude.

Metodoloxía expositiva e analítica:

Seguida tanto polo docente como polo alumnado, que deberán realizar a exposición e análise dalgúns temas. Os contidos deberán ir ligados ao proxecto en curso e servir como fonte de ideas para o mesmo. Desenvolveranse, a decisión do docente encargado do grupo e segundo as necesidades, diversos exercicios e traballos de investigación bibliográfica que sirvan de apoio ao proxecto, para o que se empregarán diversos recursos, incluídas fontes da internet. Os contidos tratados dunha forma teórica, serán reflectidos no taller mediante o deseño e construción de diversos proxectos sinxelos, que se materializarán en prototipos ou maquetas. Igualmente, contidos de tipo informático serán desenvolvidos principalmente mediante os equipos facilitados por E-DIXGAL. As actividades realizadas na clase, deberán realizarse nun caderno, ao que o docente poderá ter acceso no momento que o crea oportuno para a súa avaliación.

Cuestións e exercicios:

Destinados a mellorar a comprensión dos contidos traballados e a desenvolver as competencias. As cuestións e exercicios incluíranse no caderno do alumno.

Realización de experiencias e prácticas:

Dada a variedade de contidos e a escaseza de tempo na área, moitos contidos desenvólense mediante pequenas experiencias que permitan ilustralos.

Traballo en grupos reducidos dos contidos informáticos:

Preténdese que os contidos do bloque de documentación e comunicación dixital, non formen un bloque separado do resto dos da materia. Para iso, decidiuse usar estes contidos como instrumento que permita tamén o desenvolvemento do resto de contidos.

A agrupación do alumnado na aula de informática, de ser o caso, dependerá do número dispoñible de computadores na mesma. O ideal sería que o alumnado traballara de forma individual nun equipo. Esta situación vese favorecida pola posibilidade do uso dos equipos E-DIXGAL que fomenta o traballo autónomo do alumnado.

Os profesores do Departamento farán un uso intensivo das tecnoloxías dixitais de diversa natureza, transmitindo ao alumnado que a utilización das mesmas é un feito inherente á sociedade actual, potenciando os aspectos positivos das mesmas (procura de información, comunicación áxil, autoaprendizaxe,...) e poñendo de relevo os aspectos negativos (adicción, acoso, inseguridade dalgúns sitios...) desenvolvendo estratexias para combatelos.



## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Taller de Tecnoloxía
Aulas de informática
Proxector e pizarra dixital
Biblioteca da aula-taller
Equipos E-DIXGAL
Impresora 3D
Software e aplicacións online de programación, simulación e deseño.

O proxecto E-DIXGAL permite ao alumnado o uso individual de dispositivos informáticos tanto para o seguimento dos contidos da materia como para o desenvolvemento das actividades e tarefas propostas. O uso dos equipos E-DIXGAL fai posible ao alumnado que non poida asistir ao centro por motivos xustificadas, como pode ser o caso de ausencias por enfermidade, o seguimento da materia. Ademais o alumnado contará cun caderno ou soporte físico para realizar determinadas tarefas que complementen o uso dos computadores.

Taller de Tecnoloxía: cunha zona de aula que dispón de pupitres, cadeiras, pizarra branca, canón de proxección e mesa do profesor. Esta zona servirá para impartir algunhas das clases expositivas. Unha segunda zona, a de taller, dispón de paneis e cadros de ferramentas, así como de armarios nos que se almacenan os recursos propios do departamento e nos que o alumnado poderá gardar os seus traballos. E unha terceira zona, a de informática, que dispón de once ordenadores para poder facer búsquedas para os proxectos, elaborar a documentación técnica, traballar con simulacións e para realizar actividades e prácticas.

Aulas de informática: existe a posibilidade de reservar unha das dúas aulas de informática do centro para o desenvolvemento de determinadas tarefas que así o requiran (distribución do alumnado na aula, uso dun programa específico, ...).

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ó inicio do curso, preferentemente na primeira semana, farase unha avaliación inicial co fin de determinar o punto de partida do alumnado na materia e detectar os niveis de desempeño adquiridos na educación primaria tanto en competencia dixital como en competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría. Esta avaliación reforzase coa análise dos informes individualizados do curso anterior. Dependendo de como decida estruturala o profesor correspondente, a proba consistirá na resposta dun cuestionario, unha proba tipo test ou a realización de exercicios prácticos.

Esta avaliación inicial completase coa observación na clase da evolución do alumno nos primeiros días do curso.

Esta información será analizada e contrastada na avaliación inicial do curso.

Segundo os resultados da avaliación inicial, poderanse facer modificacións no desenvolvemento dos contidos da materia e das actividades previstas co fin de afianzar e mellorar aqueles aspectos que tiveron resultados mellorables. Estas modificacións faranse a nivel de grupo se os resultados da avaliación inicial así o indican ou faranse a nivel individual proponendo actividades de reforzo e recuperación para aqueles alumnos que o precisen.

Ó inicio de cada unidade didáctica, tamén se fará unha avaliación inicial, nos termos indicados anteriormente, co fin de detectar o tipo de actividades de repaso ou reforzo e tamén de ampliación que é necesario programar no desenvolvemento da unidade correspondente.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>13</b>	<b>21</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	25	0	40	40	40	40	25	<b>31</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	75	100	60	60	60	60	75	<b>69</b>

### Criterios de cualificación:

Os instrumentos de avaliación, táboa de indicadores ou proba escrita, que avalían cada criterio de avaliación (CA), puntuaranse de 0 a 10 e darán unha medida do criterio de avaliación que actúa como referente do nivel de desempeño esperado no alumnado nas situacións ou actividades ás que se refiren os obxectivos da materia. O criterio de avaliación describe aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias.

Cada criterio de avaliación (CAX.Y) ten un peso orientativo asignado (POCA) en cada unidade didáctica, tal como se establece nos apartados 3.2 e 3.3, que relacionará o nivel de desempeño esperado coa cualificación do alumno. O valor do peso orientativo está relacionado co tempo adicado ao desenvolvemento dos contidos (coñecementos, destrezas e actitudes) para adquirir o nivel de desempeño indicado no criterio de avaliación.

En cada unidade didáctica, coa nota do criterio de avaliación (NotaCAX.Y), dada polo instrumento de avaliación, e co peso orientativo asignado ó criterio de avaliación (POCA) obterase a nota da unidade didáctica (NotaUDi) que será a suma dos produtos obtidos ao multiplicar a nota do criterio de avaliación polo seu peso orientativo dividida entre 100, xa que os pesos orientativos dos criterios de avaliación de cada unidade suman 100.

Cada unidade didáctica ten un peso na materia e está asignada a un trimestre tal como se establece no apartado 3.1, polo tanto a cualificación da materia en cada avaliación será a suma dos produtos obtidos ao multiplicar a nota da unidade didáctica (NotaUDi) polo seu peso na materia (PesoUDi) dividida entre a suma dos pesos na materia das unidades didácticas da correspondente avaliación.

A cualificación da materia na avaliación final será a suma dos produtos obtidos ao multiplicar a nota da unidade didáctica (NotaUDi) polo seu peso na materia (PesoUDi) dividida entre 100. Tamén se pode obter a cualificación final da materia facendo a media da nota das tres avaliacións. Se houbera diferenza entre as dúas notas finais obtidas, empregarase a que máis favoreza ó alumno.

Se nalgunha unidade didáctica non se avaliara algún criterio de avaliación, o peso orientativo asignado a ese criterio de avaliación será repartido entre os demais criterios de avaliación da unidade didáctica.

Para poder calcular a nota da avaliación final como se indica previamente, é necesario ter aprobadas as tres avaliacións. Aqueles alumnos que suspendan algunha avaliación terán que facer, ao longo do curso e previamente ó cálculo da nota final, as recuperacións dos contidos non superados, sendo necesario obter nas recuperacións, unha nota mínima de catro, sobre dez, para proceder ó cálculo da nota final.

Alumnos que copien durante a realización de probas escritas:

Aquel alumnado do que haxa probas evidentes de que copiaron durante a realización dunha proba escrita, non serán avaliados nin cualificados daquelas partes das que haxa probas evidentes de que copiaron. Poderán volver a avaliarse desas partes na seguinte proba escrita que se faga na materia.

### Criterios de recuperación:

Para lograr que o alumnado con algunha avaliación suspensa desenvolva as competencias clave necesarias para acadar o mínimo nivel de desempeño establecido para cada criterio de avaliación, o docente disporá das seguintes medidas:

Realización de exercicios, actividades e tarefas de recuperación con contidos baseados nas avaliacións suspensas.

Realización de proba escrita de recuperación dos criterios de avaliación que se avaliaron cunha proba escrita.

Reorganización dos grupos de traballo na aula-taller.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Para recuperar e superar a materia, o alumnado con materia pendente seguirá un plan de reforzo baixo as seguintes directrices, tendo en conta como referentes os obxectivos, criterios de avaliación e contidos de Tecnoloxía de Dixitalización I e a súa contribución á adquisición das competencias clave:

O plan de reforzo será elaborado polo profesor que imparta a materia que o alumno teña pendente de superar e co coñecemento do profesor titor do alumno. Da mesma maneira, o plan adaptárase ás particularidades do alumno.

O plan de reforzo incluirá:

Identificación do alumno.

Información sobre a materia sen superar. Curso no que se imparte, características da materia, horario, relación con outras materias.

Currículo a desenvolver e criterios de avaliación. Tomaranse como base os apartados 3.1 e 3.2 da presente programación. E especificamente terase moi en conta o mínimo esixible para cada criterio de avaliación.

Estratexias metodolóxicas. Tódolos alumnos disporán dun caderno de actividades e exercicios que será corrixido polo profesor da materia, ao obxecto de poder repasar e comprobar a evolución da comprensión dos distintos contidos da materia.

Este caderno seralle facilitado de forma progresiva, unha parte por avaliación. Cando presenten unha parte e despois de corrixida e explicadas as dúbidas e aclaracións necesarias, se lles facilitará a seguinte parte do caderno.

No caderno recolleranse actividades de diferentes tipos e que desenvolvan o grao mínimo dos criterios de avaliación que o alumno debería adquirir e que tratarán de reflectir o nivel de adquisición das competencias clave.

É necesario obter un mínimo de cinco puntos sobre dez para superar a materia.

A primeira parte do caderno entregarase a principio de curso e haberá que devolve-lo coas actividades realizadas antes de rematar a 1ª avaliación.

A segunda parte, entregarase en xaneiro e haberá que devolve-lo coas actividades realizadas antes de rematar a 2ª avaliación.

A terceira parte entregarase despois da 2ª avaliación e haberá que devolve-lo coas actividades realizadas antes de rematar a 3ª avaliación.

No caso de non superar as partes do caderno por separado, o alumno presentárase ás probas necesarias e realizará actividades de reforzo e recuperación, no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final.

Recursos necesarios para desenvolver o plan. Ademais dos cadernos comentados no apartado anterior, na aula virtual creárase un curso específico para a materia pendente, con toda a información do apartado anterior, cos cadernos de actividades e a súa temporalización e co material de apoio necesario para a realización dos mesmos.

Tarefas para realizar e temporalización. Elaboración das tres partes do caderno de actividades exposto no apartado de estratexias metodolóxicas.

Cada parte do caderno entregarase antes da avaliación correspondente.

No caso de non superar algunha parte do caderno por separado ou querer mellorar a nota dalgunha parte, realizará actividades de reforzo e recuperación no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final.

Seguimento e avaliación. En cada sesión de avaliación do curso correspondente á materia pendente, farase o seguimento do plan de reforzo, e se for necesario, faranse os axustes que procedan.

Co fin de mellorar o compromiso e interese do alumnado coa materia pendente, fomentárase a súa implicación coa materia levando a cabo un seguimento máis individualizado e coordinando as actividades cos titores correspondentes. Neste sentido, o alumnado, tamén asinará un documento no que declare que foi informado do procedemento e as condicións anteriores para a recuperación da materia e no que se comprometerá á realización e entrega do traballo proposto.

Para superar a materia pendente, o alumnado deberá obter unha avaliación positiva no plan de recuperación. A nota da avaliación final será a media das notas obtidas nas tres avaliacións parciais. Se no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final, recuperou ou mellorou a nota dalgunha avaliación, a nova nota obtida sustitúe a que tivera previamente para o cálculo da nota final.

Acreditación da información á familia. O documento que foi asinado polo alumnado no que consta que foi informado

do procedemento e condicións para a superación da materia pendente, tamén será remitido ós responsables do alumnado para que dispoñan da información e asinen tamén o documento.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Por tanto, atender á diversidade do alumnado é a única alternativa á aprendizaxe non comprensiva de moitos alumnos. Se se quere que todos aprendan, non se pode pensar que todos saben o mesmo, adquiren as mesmas capacidades, teñen os mesmos intereses ou a mesma maneira de pensar.

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas poden ser ordinarias e extraordinarias e están recollidas no Plan xeral de atención á diversidade.

O profesorado da materia aterase ós seguintes principios de actuación á hora de deseñar e adoptar as medidas de atención á diversidade:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, e informar ó profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
- d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

Para o alumnado con necesidade específica de apoio educactivo (necesidades educativas especiais, situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ó sistema educativo) poderanse realizar adaptacións curriculares que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo, consistentes na adecuación dos obxectivos da materia, a eliminación ou inclusión de determinados contidos e a conseguinte modificación dos criterios de avaliación, así como na ampliación das actividades educativas para os casos que o necesiten.

En xeral para todo o alumnado, pero especialmente para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, é fundamental a avaliación inicial co fin de adaptar as ensinanzas e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe o antes posible.

As medidas de atención á diversidade que se poden adoptar dende esta materia poden ser ordinarias ou extraordinarias tal como se recollen no Plan xeral de atención á diversidade.

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.

No marco de medidas ordinarias de atención a diversidade que pode adaptar o centro educativo, o profesorado da materia aplicará o reforzo educativo sen apoio, os programas de enriquecemento curricular, o plan de reforzo para o alumnado que pase de curso con materias sen superar (tratado no apartado 5.3) e o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Os reforzos educativos sen apoio son medidas que o propio profesor/a diseña e aplica con aquel alumnado que ten dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto. Estas medidas consistirán en adecuacións dos seguintes aspectos:

Adecuacións de centro e de aula:

Ubicación do alumno/a preto da mesa do profesor ou profesora.

Ubicación do alumno/a a carón de compañeiros que lle sirvan de axuda.

Evitar a proximidade ás portas, fiestras, papeleiras e outros lugares de tránsito.

Adecuación da programación didáctica ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno:

A programación didáctica estará guiada polo estilo pedagóxico do centro, que a súa vez estará definido pola liña metodolóxica e as culturas da inclusión, da diversidade, da coordinación, da participación, da colaboración, da tecnoloxía, da innovación, da avaliación, da recuperación e da relación co contorno e coas diferentes institucións. O docente desenvolverá a programación didáctica considerando o estilo pedagóxico indicado, o nivel de competencia curricular de cada alumna e/ou alumno e as axudas que precise, e tendo en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe, facilitando espazos de participación para todas as alumnas e todos os alumnos. Estes aspectos están facilitados no traballo na aula taller pola variedade de espazos de traballo que se poden atopar nela. Tamén sería necesario, sempre e cando haxa dispoñibilidade horaria no departamento, implantar o desdoblamento dos grupos

para a hora semanal de taller.

Adecuación da metodoloxía:

Estratexias metodolóxicas:

Promover a participación do alumnado con preguntas.

Alternar actividades teóricas con traballo práctico de tipo individual, en grupo, búsqueda de información, exposicións.

Facilitar material escrito para evitar tomar apuntes das explicacións teóricas ou ter que copiar da pizarra.

Promover o traballo en equipo, colaborativo e con grupos heteroxéneos.

Facilitar máis tempo para rematar as tarefas da clase.

Utilizar frases curtas e claras nas explicacións.

Presentar a idea principal ó inicio da explicación.

Achegarse á mesa do alumno/a e continuar alí a explicación.

Utilizar reforzos e apoio visual na instrución oral.

Planificar actividades con diferentes niveis de dificultade ou de execución.

Incluir tarefas para a casa con actividades que persigan o afianzamento e consolidación de contidos básicos da materia.

Incluir actividades de recuperación de aprendizaxes non acadados.

Facilitar material escrito con resumos, esquemas e vocabulario previo para permitir acceder a comprensión do tema.

Flexibilizar os prazos na entrega de traballos.

Usar e reclamar o contacto visual.

Promover a titoría entre iguais.

Recordar en qué aspectos debe centrar especialmente a atención no desenvolvemento dunha actividade.

Asegurarse de que antes de iniciar unha actividade o/a alumno/a entendeu o que ten que facer e os pasos que ten que seguir.

Facer preguntas sobre a actividade realizada para que sexa capaz de descubrir os erros cometidos.

Supervisión do uso da axenta escolar.

Deseñar traballos por proxectos.

Medidas para mellorar a súa motivación e autoestima:

Fracccionar o traballo en tarefas curtas (ex: en vez de pedir resolver seis exercicios e corrixir ó final, solicitar que se fagan dous e corrixir e reforzar).

Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios públicos e privados, colocar os seus traballos no taboleiro, realizar anotacións positivas na agenda para enviar á casa,...).

Procurar supervisar frecuentemente as tarefas para reconducir no caso de distraccións ou felicitar no caso de que se estean executando.

Reforzar por ter rematadas as tarefas ben feitas, describindo a calidade do traballo, con frases tipo "boa letra", "gardaches os marxes", "acordácheste dos acentos", ...

Destacar os progresos, aínda que no conxunto dun exercicio non estea correctamente resolto, destacando o esforzo realizado para manter altas as expectativas de logro.

Recordar con certa frecuencia todos os avances acadados ata un momento dado, por exemplo revisando e comparando con exercicios realizados en meses anteriores.

Adaptación das formas e instrumentos de avaliación:

Exames escritos con preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo, evitando as dobres negativas.

Separar as diferentes cuestións dunha pregunta en apartados claramente diferenciados.

Avaliar contidos mediante a entrega de traballos ou exposicións en clase diante dos compañeiros.

Incluir preguntas que impliquen diferentes tipos de resposta: V/F, resposta múltiple, curtas, ...

Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

Complementar os exames escritos de forma oral cando se observen que están incompletos.

Asegurarse de que comprende as preguntas para poder contestalas e asegurarse de que está contestando correctamente.

Remarcar a parte máis salientable das preguntas nas probas escritas.

Flexibilidade coa ortografía nos exames escritos.

Adaptar o formato da proba escrita: tipo de letra, tamaño, interliñado,...

Entregar as preguntas dun exame en pequenas dosis para minimizar a ansiedade que lle produce.

Incluir preguntas con diferentes graos de logro.

Proporcionar algún exemplo de axuda nas preguntas de exame.

Complementar a avaliación con outros instrumentos: cadernos de clase, rúbricas, observación, entrega de deberes, traballos, exposicións.

Os programas de enriquecemento curricular son programas de tratamento personalizado destinados ao alumnado que presenta altas capacidades intelectuais (cociente intelectual igual ou superior a 130, alto nivel de creatividade e

persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese). A finalidade destes programas é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inquiredanzas, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifieste o dito alumnado, e manter o seu nivel de motivación.

Unha vez acreditada a alta capacidade intelectual pola xefatura do departamento de orientación e coa colaboración dos equipos de orientación específicos o profesor desenrolará o programa, en canto a tipo de actividades e organización da aula, na aula ordinaria e terá como referente o currículo do curso no que estea escolarizado o alumnado con altas capacidades intelectuais podendo incluír contidos e adquisición de competencias propias de cursos superiores.

O plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. O profesor da materia participará na elaboración do plan en colaboración co resto do equipo docente do alumno/a, baixo a coordinación do profesorado tutor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado incluírá:

Identificación da alumna ou do alumno.

Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenrolo.

Neste apartado farase unha valoración de aspectos relevantes que favorecen ou dificultan a aprendizaxe. Valoraranse aspectos tales como:

Ten rutinas e hábitos de traballo.

Resolve as tarefas utilizando a reflexión.

Necesita actividades dirixidas, pautadas.

Mostra interese e esforzo ante o traballo.

Presenta un nivel de atención adecuado á tarefa que está realizando.

Mostra orde nos seus traballos.

Pide axuda se o necesita.

Traballa en grupo correctamente.

No ámbito curricular teranse en conta os seguintes aspectos:

Aspectos fortes do alumno sobre os que apoiar a intervención: asistencia a clase, cumprimento das normas, respecto aos compañeiros e respecto ao profesor.

Aspectos a reforzar: hábito de estudo (manter, mellorar, reforzar), grao de realización das tarefas, atención.

Metodoloxía. Farase un seguimento das seguintes accións:

Traballo na aula: traballar o que non entende en corrixir os exercicios que se fagan.

Control da terminación na casa das actividades que non dese feito na aula.

Preparar as diferentes probas escritas que realice, revisando os exercicios corrixidos no caderno.

Control diario do material necesariso para o traballo na aula.

Control da organización no taller planificando as tarefas.

Materiais de apoio: entrega de actividades de reforzo para afianzar os aspectos máis frouxos.

Avaliación: estimar a adaptación de tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

Recursos necesarios para o desenrolo do plan.

Oferta de medidas extraordinarias, se foran necesarias.

Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

No marco de medidas extraordinarias de atención a diversidade que pode adaptar o centro educativo, o profesorado da materia aplicará as adaptacións curriculares.

As adaptacións curriculares, ou adaptacións do currículo, son medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan os elementos prescritivos do currículo; van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Para a adopción desta medida cumprirá que no informe psicopedagóxico resultante da avaliación psicopedagóxica se entenda como a máis idónea para atender as necesidades educativas dunha alumna ou dun alumno e despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade.

Considéranse elementos prescritivos do currículo os obxectivos, as competencias, os contidos, os métodos pedagóxicos e os criterios de avaliación da materia.

As adaptacións curriculares suporán a modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo.

As adaptacións curriculares axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais. Para a súa elaboración partírase do currículo de referencia da materia e do nivel de competencia curricular do alumno ou da alumna aportado polo profesor da materia no informe psicopedagóxico, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do curso.

Cando unha alumna ou un alumno precisen adaptación do currículo, a familia será informada desta medida de atención á diversidade, do cal quedará constancia por escrito.

A proposta de adaptación curricular será elaborada polo profesorado da materia e empregando o modelo establecido no Plan xeral de atención á diversidade. O profesorado da materia será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, no seu caso, co profesorado de apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais.

O desenvolvemento da adaptación curricular realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se consideren necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular.

A avaliación do alumnado na materia adaptada realizaraa o/a profesor/a que a imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ou titulación.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura, expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Fomento do espírito crítico e científico, da creatividade e do traballo en equipo	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X				X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Espírito emprendedor e iniciativa empresarial	X		X		X	X	X	X

#### Observacións:

A comprensión de lectura, expresión oral e escrita traballarase incorporando un tempo de lectura e práctica da oratoria na práctica docente da materia ó longo do curso. O alumnado enfrontarase a distintos tipos de textos que deberá comprender para a realización correcta de tarefas ou actividades. A participación nas actividades de aula, o traballo en equipo e a presentación oral dos traballos e proxectos son, entre outros, momentos a través dos cales o alumnado vai consolidando as súas destrezas comunicativas. A expresión escrita foméntase coa elaboración de traballos e memorias técnicas dos proxectos.

A comunicación audiovisual e uso das tecnoloxías dixitais está presente en todas as unidades didácticas ao utilizar programas de simulación, ó buscar información na rede para a documentación dun proxecto, na realización de traballos, vídeos e exposicións orais.

O traballo en grupo permite fomentar o respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade, así como a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, o que implica o rexeitamento da discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Dende o Departamento evitaremos nas aulas os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade das distintas orientacións sexuais.

Tamén se fomentará a crítica dos hábitos sociais e o consumismo, así como o fomento do coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

Coa realización de proxectos fomentarase a mellora de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico, o cal lles permite ós alumnos afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a ENCE	Realacionada coa transformación de materias primas	X		
Visita a Nodosa	Relacionada con traballo de materiais, neste caso metais.		X	

#### Observacións:

As visitas e actividades realizaranse preferentemente no primeiro ou no segundo trimestre.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico



Lévase a cabo a avaliación inicial ao principio de curso
Establécense actividades de ampliación e/ou reforzo
Tense en conta o nivel de habilidades do alumnado e, en función do mesmo, adáptase o proceso de ensino-aprendizaxe
Proporcionáanse ao alumnado as rúbricas de avaliación para que saiban como e de que se lles vai a avaliar
Metodoloxía empregada
Proponse un plan de traballo para cada unidade
Planifícanse situacións introdutorias previas ao tema
Establécense relacións entre os contidos e actividades cos coñecementos previo
Faise saber a finalidade, importancia e aplicación na vida real das aprendizaxes
Proporcionáanse estratexias e ferramentas para que o alumnado descubra os contidos
Facilítase información dos progresos e das dificultades atopadas
Analízanse traballos realizados de xeito individual e en grupo
Realízase rexistro da observación sistemática
Fanse probas orais
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aprovéitase o interese do alumnado por un tema determinado para utilizalo como centro de interese
Obsérvanse as actividades do alumando
Tense en conta a existencia de tarefas doutras materias para planificar as propias
Medidas de atención á diversidade
Fanse probas escritas sobre pequenos bloques
Clima de traballo na aula
Mantense o interese do alumnado
Cando a motivación decae propóñense actividades divertidas e curiosas
Lévanse a cabo entrevistas co alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realízase unha coordinación ao inicio do curso entre o profesorado dos grupos
O/a profesor/a é accesible ás familias
Outros
Establécense canles de coordinación e instrumentos de seguimento dos diferentes programas e plans implementados ao longo do curso

### **Descrición:**

Os anteriores indicadores de logro avaliaranse coa seguinte escala: Sempre, Case Sempre, Frecuentemente, Poucas veces, Nunca.

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios sobre os contidos tratados ao longo das unidades.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación debe ser flexible e aberta, suxeita a variacións ao longo do curso e revisións en cada momento e por todos os membros do Departamento de modo que se axeite á realidade escolar que temos nas aulas. Se algún dos cursos presenta unha serie de características que fan inviable a execución da mesma segundo o previsto, na Reunión de Departamento oportuna decidiranse os cambios necesarios para que o alumnado alcance os obxectivos mínimos e, deste xeito, lograr unha mellora do Proceso Educativo, pero sempre promovendo o esforzo do alumno. En calquera caso, as decisións tomadas non poden producir menoscabo entre o resto dos grupos do centro adscritos ao departamento e deben estar ben fundamentadas.

O seguimento da programación realizarase a través do apartado de Seguimento da aplicación Proens.

No apartado de Seguimento, para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade. No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias. As propostas de mellora recolleranse nas actas de departamento e serán incorporadas á programación didáctica do curso seguinte.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro dos apartados 8.1 e 8.2 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro dos apartados 8.1 e 8.2 desta programación.

Para a valoración da programación utilizaranse os seguintes indicadores:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas/ temas /proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos criterios de avaliación e contidos para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada criterio de avaliación.
6. Asignación a cada criterio de avaliación do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada criterio de avaliación a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada criterio de avaliación cos elementos transversais a desenvolver.
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos contidos.
15. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada criterio de avaliación.
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos criterios de avaliación.
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.

25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, contidos e instrumentos de avaliación.
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.

Os anteriores indicadores de logro avaliaranse coa seguinte escala: Sempre, Case Sempre, Frecuentemente, Poucas veces, Nunca.

## **9. Outros apartados**